



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

ACTA Nº 2018/1

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 30 DE XULLO DE 2018

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO DO BNG:

M^a Purificación Seixido
Gómez (**Ausente**)
Juan Carlos Taracido López
Uxío Cerecedo González
(**Ausente**)

GRUPO DO PP:

Ana M^a López Fernández
Alberto Balado Ramonde
José M. Pérez Lorenzo

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Alberto Iglesias Fraguela
Jonathan I. Miranda Lucas
M^a José Fraguela López

GRUPO MIXTO:

Antonio Nieto Llana
(**Ausente**)

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

ORDE DO DIA:

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 06/04/2018.**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS ALCALDÍA, DENDE O 224/2018, DE 03/04/2018 ATA A DATA DA PRESENTE CONVOCATORIA.**
- 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS +ADICIONAL 1/2018.**
- 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER**



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

TRIBUTARIOASÍ COMO DOS DE MAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 06/04/2018.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión anterior, de 06/04/2018, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O 224/2018, DE 03/04/2018, ATA O DA PRESENTE CONVOCATORIA

O Pleno corporativo dáse por enterado dos Decretos da Alcaldía referenciados.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS +ADICIONAL 1/2018.

Visto o ditame da Comisión de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, de data 24/07/2018, que di:

Vista a circular remitida a este Concello o 04/06/2018 relativa ao POS+ adicional 1/2018 por maior achega da Deputación provincial, pola que se concede a esta entidade local unha subvención por importe de 101.200,51 euros.

A Comisión Informativa de Infraestruturas, Espazos Públicos e Desenvolvemento Sostible, por dúas abstencións dos grupos municipais do PP e Grupo Mixto e dous votos a favor dos grupos municipais do PSdGae BNG, emite o seguinte

DITAME:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

| Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan | | | Financiamento dos investimentos | | |
|--------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------|---------------------------------|----------|-----------------|
| Procede do POS+ 2018 Complementario SI / NON | Denominación da obra ou subministración | Grupo de programa | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | | | |



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

| | | | | | |
|-----|---------------------------------------------------------|--|--------------|------------|--------------|
| NON | ADECUACION DO SOTO DA CASA DO CONCELLO DE CARIÑO | | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| | Subtotal investimentos financeiramente sostibles | | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |

Aprobar os proxectos das novas obras ou os pregos das novas subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2018 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

| SUBTOTALS | Deputación | Concello | Total |
|------------------------------------------------------------------------------------|--------------|------------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN | | | |
| B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUÍR NESTA 2ª FASE DO PLAN | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| SUBTOTAL | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN | | | |
| TOTAL | | | |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

5.- Declarar que o concello solicitou á Consellería de medio rural, Agader, unha subvención para o mesmo fin por importe de 113.005,10 € (neste importe ademais están incluídos os honorarios de redacción de proxecto, o custe da dirección de obra e da coordinación de seguridade e saúde).

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde comenta que na Comisión informativa que houbo unha pequena confusión en relación co proxecto, pero que a documentación estivo a disposición dos concelleiros para revisar. Explica que con esta obra se pretende habilitar algúns espazos que se atopan inhabilitados no soto do Concello co obxecto de realizar un aula de formación homologada, algunhas salas de ensaio, tratando de darlle uso a un espazo moi grande. Di que non hai aulas homologadas nos concellos arredor, e que sería unha vantaxa para solicitar cursos.

Juan Carlos Taracido comenta que van a votar a favor, xa que era un proxecto que xa o seu grupo tiña en mente.

Ana López di que considera que o proxecto non é malo, pero que hai outros temas prioritarios en Cariño como o da depuración das augas, que leva anos e que non se está a facer nada.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdGa-PSOE e BNG e tres abstencións do PP **ACORDA:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

| Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan | | | Financiamento dos investimentos | | |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|-------------------|---------------------------------|------------|-----------------|
| Procede do POS+ 2018 Complementario SI / NON | Denominación da obra ou subministración | Grupo de programa | Deputación | Concello | Orzamento total |
| NON | ADECUACION DO SOTO DA CASA DO CONCELLO DE CARIÑO | | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| | Subtotal investimentos financeiramente sostibles | | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

Aprobar os proxectos das novas obras ou os pregos das novas subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2018 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

| SUBTOTALS | Deputación | Concello | Total |
|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|-----------------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN | | | |
| B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUÍR NESTA 2ª FASE DO PLAN | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| SUBTOTAL | 101.200,51 € | 5.754,58 € | 106.955,09 € |
| IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN | | | |
| TOTAL | | | |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello solicitou á Consellería de medio rural, Agader, unha subvención para o mesmo fin por importe de 113.005,10 € (neste importe ademais están incluídos os honorarios de redacción de proxecto, o custe da dirección de obra e da coordinación de seguridade e saúde).

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Educaciún e Deporte de data 24/07/2018, que di:

Visto o Convenio de colaboración suscrito entre la Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración.

De conformidade coa cláusula segunda a cesión de información pola Axencia Tributaria de Galicia terá como finalidade exclusiva a colaboración coas entidades locais de Galicia asociadas á Fegamp no desenvolvemento das funcións que esta teña atribuídas cando, para o seu exercicio, a normativa reguladora esixa a achega dunha certificación expedida pola Xunta de Galicia.

Visto o informe de secretaría de data 17/07/2018.

En baso ao anterior, a Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Educaciún e Deporte, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte

DITAME:

PRIMERO: A vontade do Concello de Cariño, cuxa representación ostento, de adherirse expresamente a todas e cada unhas das cláusulas do Convenio antes citado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.

SEGUNDO: Facultar al Alcalde-presidente para la firma del presente convenio y la realización de cuantos actos y trámites se deriven del mismo.

O Alcalde explica que se trata de un convenio para aforrar trámites administrativos aos cidadán, cando se trata de solicitar unha subvención ou para a realización de calquera trámite no que se requira un acceso a datos fiscais do interesado.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

PRIMERO: A vontade do Concello de Cariño, cuxa representación ostento, de adherirse expresamente a todas e cada unhas das cláusulas do Convenio antes citado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.

SEGUNDO: Facultar al Alcalde-presidente para la firma del presente convenio y la realización de cuantos actos y trámites se deriven del mismo.

ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

De conformidade co artigo 91.4 do ROF, o Alcalde, por razóns de urxencia, inclúe na orde do día o presente punto. Explica que a urxencia ven dada pola necesidade de remitir a Conta xeral, unha vez aprobada, ao Ministerio de Facenda.

A continuación procédese a votar a urxencia da inclusión do punto na orde do día, obténdose o seguinte resultado: votos a favor: 4 PSdeGA e 1 BNG. Votos en contra: 3 PP. Ao requirirse, maioría absoluta, de conformidade co artigo 91.4 ROF, a urxencia non resulta aprobada, polo que o asunto non se inclue na orde do día.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064
Fax. 981 405 029
concello@concellodecarino.com
www.concellodecarino.gal

7.- ROGOS E PREGUNTAS

JUAN CARLOS TARACIDO formula o seguinte ROGO: Que na aplicación de “Cariño Informa” se informe sobre o día e a hora dos plenos.

ANA M^a LÓPEZ efectua as seguintes PREGUNTAS:

- 1) Para cando o remate da senda peonil de Figueiroa? Xa que para setembro fará un ano do seu inicio, e non se ven trazas de rematala, e que vemos despois de varios plenos, que tiveron a ben facer caso das peticións do PP do arranxo do desnivel o cal provocaba un gran perigo para os usuarios de dita calzada. Pensamos que non a veremos rematada ata que cheguen as eleccións do ano que ven, sendo así unha obra que vostede comentou que estaría rematada en tres ou catro meses, e polo tanto, demorarase cerca de ano e medio.

O Alcalde contesta que en canto remate o verán e haiba menos tráfico, se rematará a obra.

ROGO: Na rúa Maguleiro seguimos coas mesmas chapuzas, parcheando e ao cabo de dous meses volvemos a estar nas mesmas condicións. Dende o Partido Popular de Cariño queremos poñer de manifesto a deixadez e o abandono que se instalou no seu goberno, e que non ten trazas de desaparecer, e poder así traballar polo noso pobo, que moita falta lle fai.

- 2) ¿Por qué non se solicitou a cuadrilla de incendios? O Alcalde resposta que fai anos que non se solicita. Explica que a Xunta de Galicia da varias posibilidades, e que o Concello pediu que se desbrocen metros de cunetas poñendo o Concello a disposición da rúa a motobomba. Engade que non se conceden subvencións ao 100%, xa que non deixan incrementar o gasto do capítulo 1 o Ministerio de Facenda.

Pregunta Ana M^a López se a Conta que deixou o Interventor se está axustada. O Alcalde explica que era o punto que se traía ao Pleno fóra da orde do día e que eles votaron en contra da urxencia.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte horas e vinte minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

Asdo: Alejandra Pardo Vázquez